

EXERCICIOS LISÍSTRATA

1. Lea o seguinte fragmento de Lisístrata, de Aristófanes, e responda as preguntas que se formulan sobre el.

LISÍSTRATA. Ditosas mulleres! Xa abonda de disparates. Esforzádesvos polos homes, seguro. (*Diríxese a outra delas.*) Pero, cres que eles non se esforzan por nós? Terribles, ben o sei, son as noites que pasan eles. Resistide, valentes, e soportádeo un pouco de tempo máis, pois segundo un oráculo imos vencer se non rifamos. O oráculo está aquí. (*Mostra un rolo.*)

MULLER TERCEIRA. Lenos o que di.

LISÍSTRATA. Pois calade. «Cando os paxaros se acurruquen nun só lugar, fuxindo das abubillas, e se absteñan do falo, producírase o cesamento das súas desgrazas, e o que está enriba poñerá abaixo Zeus, de resoante voz...»

MULLER TERCEIRA. Que nos tombaremos nós enriba?

LISÍSTRATA. «...pero se se separan e se elevan voando coas súas ás fóra do sagrado templo os paxaros, non haberá xa ave algunha que resulte ser máis pelanduscona».

MULLER TERCEIRA. Ás claras é o oráculo, por Zeus. Deuses todos!

LISÍSTRATA. Non temos que renunciar por moito que soportemos. Imos dentro: que sería vergonzoso o caso, queridas, se traizoamos ao oráculo.

(Vanse LISÍSTRATA e as mulleres.)

CORO DE ANCIÁNS.

Unha historia quero contarvos,

que escoitei un día cando era neno.

Érase unha vez un raparigo, Melanio, que

fuxindo do matrimonio chegouse a un lugar deserto, e

polos montes habitaba.

Cazaba lebres

con redes que trezaba,

e nunca máis regresou á súa casa, por esa aversión.

Até tal punto aborrecía aquel ás mulleres, e nós,

nin chisco menos que Melanio, pois somos prudentes.

O CORIFEO. Vella, quero darche un bico...

A CORIFEO. Así non che van facer falta cebolas.

O CORIFEO. ...e levantar así (Levanta a perna) e pegarche unha patada.

A CORIFEO. Maleza espesa a que levas. [...]

CORO DE MULLERES.

Tamén eu quero contarvos canda min

unha historia, fronte á de Melanio.

Érase unha vez un tal Temón, errabundo,

con inexpugnables petiscos ben cercado o seu rostro,
das Erinias áspero brote.

Pois este Temón,

por odio, lonxe partiu,

tras moito maldicir aos homes perversos.

Até ese punto odiaba aquel, no canto de a nós, aos perversos
homes, pero para as mulleres era moi agarimoso.

Aristófanes, Lisístrata

1.1. Sinale o tema do fragmento e relación co subxénero dramático ao que pertence.

1.2. Estableza a estrutura interna do texto.

1.3. Analice o estilo empregado polo autor no fragmento.

1.4. Describa a funcionalidade dramática do personaxe de Lisístrata no texto.